

Bo día,

Dende as asociacións Asemblea de Investigadoras de Compostela (AIC) e InvestiGal, co apoio das Vicerreitorías de Investigación das tres universidades galegas, **solicitamos que se manteña a eliminación da obriga de estar matriculadas previamente nun programa de doutoramento** para poder solicitar as **axudas de apoio á etapa predoutoral** da Xunta de Galicia de 2023.

Esta petición xa foi expresada por estes colectivos durante anos, chegando a aplicarse na convocatoria de axudas predoutorais do ano pasado. Nas reunións mantidas coa SXU manifestouse que non se ía seguir con este modelo nesta convocatoria, dado o retraso de máis de 6 meses que se produciu na convocatoria destas axudas e co fin de avaliar un menor número de solicitudes

Porén, consideramos que este paso atrás nos dereitos das persoas doutorandas é **inadmisibile**. Como xa expuxemos anteriormente, esta obrigatoriedade é **prexudicial para o colectivo investigador** e trátase dun **factor excluínente**. Todos os anos, numerosas persoas vense obrigadas a aboar un ano de matrícula dun programa de doutoramento para poder solicitar estas axudas, por teren que cumprir este requisito de estar matriculadas no momento de presentación de solicitudes. A **falta de coordinación da data de resolución destas axudas co período de matrícula nos programas de doutoramento nas universidades** aboca a moitas investigadoras a iniciar as súas tarefas de investigación sen garantía ningunha de financiamento futuro.

A demora na convocatoria destas axudas este ano dará lugar a unha situación aínda máis ilóxica. **Aquelas persoas que rematan o seu máster neste curso académico** e, polo tanto, que xa terán os créditos necesarios para realizar un doutoramento no momento da convocatoria das axudas, **non van poder acceder ás mesmas, por unha cuestión de meses** e de mala coordinación nos calendarios.

Ademais, a SXU manifestou que nesta convocatoria non se ía avaliar nin o Plan de Traballo nin a Memoria de Adecuación polo pouco tempo no que deben resolverse. Desta forma, consideramos que aplicar baremos obxectivos e cuantitativos a máis persoas non constitúe unha diferenza sustancial.

Por todo o dito, reivindicamos **que siga sen exixirse a matrícula** en estudos de doutoramento para solicitar as axudas de apoio á etapa predoutoral de 2023, sendo

suficiente **unha solicitude de preadmisión** nestes estudos, cos seguintes apoios e sinaturas:

| | | |
|---|--|---|
| | | |
| Belén Rubio Armesto Vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación da UVIGO | Vicente Pérez Muñuzuri Vicerreitor de Política Científica da USC | Salvador Naya Fernández Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC |